


Muíños do Outeiro - Entremuíños

Maribel Barreiro - Gráficos: Arsenio Piñeiro



Situación Entremuíños

No barrio do Outeiro, tamén coñecido como "Entremuíños" atopamos os tres últimos muíños do río Pontillón. Nesta parte do río é onde existe maior desnivel do terreo, idóneo polo tanto para a construción destes edificios.

1. Muíño de Araújo



Muíño de Araújo: así é como se coñece este muíño situado á beira da estrada dende a que está perfectamente visible. Preto del, existe un lavadoiro en perfectas condicións de uso.

Maila estar rodeado completamente de vexetación, e en estado ruinoso, é o que presenta un mellor estado de conservación. Ten o tellado a unha soa auga, conservando unha parte con tellas planas, na zona de Poñente, onde está a porta de entrada.


No lintel superior da porta hai unha cruz que destaca sobre outros sinais. Tamén no interior presenta varios gravados.

A "Canle" é ancha. Mide aproximadamente uns 20 metros de longo por 80 centímetros de ancho. O "Cubo" pertence ós de caída vertical.

No interior, entre o lixo, silveiras, e restos de ripas e tellas, podemos olla-lo "Pé", e a base do "Elevadoiro". Na parede do Leste hai unha



Alzado e Sección - Muíño de Araújo




Planta - Muíño de Araújo

pequena fiestra.

O muíño pertencía a Familia Araújo, de Cangas, que o tiña en arrendamento. O derradeiro muiñeiro foi Don Aniceto Pintos, e calcúlase en preto de corenta anos, o tempo que leva este muíño en paro. Agora pertence a Don Manuel Araújo. Este informounos que na documentación que obra no seu poder, aparece a propiedade como "Muíños", polo que é posible que os outros dous tamén pertenza á mesma propiedade.


2. Muíño do Medio

Muíño do Medio, Comunal: así é como se coñece a este outro muíño situado uns cen metros máis abaixo do muíño de Araújo. Do edificio só quedan restos da canle e o cubo de caída en rampa, cuberto por grandes perpiaños. Tamén hai restos das paredes do oeste. A do leste é un penedo.




Alzado Oeste - Muíño do Medio

Leva máis de medio século abandonado. Algunhas persoas falan del como comunal, outras din que era de herdeiros entre eles, a Familia Entenza.



Planta Lavadeiro



Planta Muíño do Medio


3. Muíño do Mar

Muíño do Mar, da Costa: os restos desta edificación atópanse á mesma beira do mar. Nos días de mal tempo ou temporal o mar ten que bater nel. Coidamos que este puido se-lo motivo do seu derrubamento. Na actualidade só podemos ver unha morea de pedras que deberon forma-la súa primitiva estrutura, e unha gastada pedra redonda moi ancha para ser unha moa, e moi estreita para ser un pé.


Os únicos elementos recoñecibles son una longa canle, construída sobre un muro de pedras, e o "Cubo" de caída en rampa.

A diferencia doutros ríos da bisbarra que embocan en praias, o río Pontillón, faino nunha zona de costa alta, que aínda sen ser un abrupto acantilado, presenta un perfil rochoso.

Os derradeiros metros de canle do río transcorren sobre a rocha viva.



Alzado Muíño do Mar



Alzado Muíño do Mar

(Publicado na revista "Tradicional Romaría de Darbo". Cangas, setembro 1997)